

INTRODUCCIÓN

A importancia do mar como fonte de recursos, espazo para o disfrute e orixe e mantedor dunha grandísima riqueza ecolóxica xustifica sobradamente calquera esforzo que se poida facer por coñece-lo e aumentar a consciencia colectiva sobre a importancia da súa conservación.

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza ten realizado diversas actividades relacionadas co mar entre as que cabe recordar as mobilizacións contra os vertidos radioactivos na Fosa Atlántica, os estudos e denuncia da contaminación da Ría de Pontevedra por Celulosas ou as propostas para afastar o tránsito de mercadorías perigosas das costas galegas.

Dentro do terreo da divulgación e da Educación Ambiental, ADEGA editou no ano 1994 un primeiro caderno titulado "A Ecoloxia do Meio Mariño" centrado en describir as características nas nosas costas, a súa ecoloxía e algúns dos perigos que as ameazan.


A actividade económica, que no noso país depende en moitos casos directamente do mar, non foi suficientemente tratada no primeiro caderno, a pesar de que ten grandes repercusións nas condicións ecolóxicas mariñas e de que se ve condicionada á continuidade do equilibrio destes ecosistemas.

Nesta segunda entrega relacionada co meio mariño as relacións economía-ecoloxía do mar son en boa medida o fio condutor, comentando-se diferentes aspectos do tema: unha visión da historia económica da pesca galega, a depuración e a reutilización dos vertidos, a situación da pesca de altura, a contaminación da costa...

Nos últimos anos sucederon-se os enfrontamentos nos mares do mundo entre mariñeiros de distintos países. A escaseza dos recursos e a utilización de artes de pesca estremadamente depredadoras gardan estreita relación con moitos destes conflitos. O noso país, dado o seu gran potencial pesqueiro e transformador, non pode permanecer alieo a estes problemas. Galiza é primeira interesada na conservación do mar e na explotación sustentábel dos seus recursos. As Administracións, as cidades e indústrias das nosas costas, os mariñeiros e os barcos galegos deven dar exemplo de respecto polo mar e todos e todas esixirmos que isto sexa así nos demais países. Nesta mesma dirección quere ir este Caderno: na da conservación do mar, de todos os mares.

Santiago, novembro de 1996





O Caderno "A ECOLOGIA DO MEIO MARINHO" contén unha descripción das nosas costas, a súa ecoloxía e algúns dos seus problemas